

Documento de consulta pública nº 2

ANÁLISE DAFO DE GALICIA

**Para a elaboración dos POs FEDER e FSE Galicia
2014-2020**

Borrador suxeito a revisión (07.04.2014)





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación
e Orzamentos



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"El FSE inviste no teu futuro"
UNIÓN EUROPEA

ANÁLISE DAFO DE GALICIA

**Para a elaboración dos POs FEDER e FSE Galicia 2014-2020
DX DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS**

7 de abril de 2014





ÁNALISE DAFO

A análise DAFO de Galicia para a elaboración dos Programas Operativos FEDER e FSE 2014-2020, realizouse a partir do diagnóstico socioeconómico e territorial de Galicia para os obxectivos temáticos¹ definidos no artigo 9 do Regulamento (UE) N° 1313/2013, polo que se establecen as disposicións comúns relativas aos fondos estruturais e de inversión europeos (EIE).

Dado que, seguindo as recomendacións da Comisión, non se programarán fondos europeos estruturais no Estado español no obxectivo temático 11 "Mellorar a capacidade institucional das autoridades públicas e as partes interesadas e a eficiencia da administración pública", non se inclúe a análise DAFO do mesmo.





OT 1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación

Debilidades	Fortalezas
<p>D1.1 Segundo o índice de innovación rexional calculado en 2011 Galicia atópase no grupo de economías cun compoñente innovador moderado.</p> <p>D1.2 Tendencia descendente do gasto en Investigación e Desenvolvemento (I+D) desde o ano 2008.</p> <p>D1.3 En Galicia a intensidade de gasto correspondeu ao 0,88% (2012), por baixo da media nacional e europea e lonxe do obxectivo 2020 do 3%.</p> <p>D1.4 Baixa porcentaxe de investimento empresarial sobre o gasto total en I+D, cun 46% fronte ao 53% nacional ou o 63% europeo (2012).</p> <p>D1.5 Baixa presenza de mulleres entre o persoal e investigadores en I+D no sector empresarial, menos do 30%.</p> <p>D1.6 Baixo nivel de innovación tanto na capacidade para transformar o esforzo en I+D en produtos ou procesos novos, como en modelos de negocio e mellora na cualificación progresiva dos recursos humanos e as súas actividades.</p> <p>D1.7 Escasa especialización produtiva nas actividades de maior intensidade tecnolóxica.</p> <p>D1.8. A rixidez dos modelos de gobernanza das Universidades en I+D+i.</p> <p>D1.9. Falta de cooperación entre as PEMEAs para promover proxectos e actuacións a favor da innovación.</p>	<p>F1.1 Produciuse unha mellora nalgúns aspectos vinculados ao investimento, como son a poboación con estudos terciarios, cooperación de PEMEAs para a innovación, innovación non tecnolóxica.</p> <p>F1.2 Incrementos desde o ano 2000 do gasto en I+D sobre o PIB e do persoal en I+D</p> <p>F1.3 Presenza equilibrada de mulleres entre o persoal e investigadores en I+D nos sectores da Administración Pública e do Ensino superior.</p> <p>F1.4 A actividade inventiva (número de solicitudes de patentes por millón de habitantes), foi en progresivo aumento ao longo dos anos, ata alcanzar na actualidade case a media española.</p> <p>F1.5 Existencia de alto nivel e de bo número de investigadores e persoal de apoio nas Universidades e centros de investigación.</p> <p>F1.6. Existencia dunha boa infraestrutura ofrecida polos centros públicos de investigación e acceso a infraestruturas científicas e tecnolóxicas avanzadas.</p>
Ameazas	Oportunidades
<p>A 1.1 Dificultade para a competitividade a medio/longo prazo, por mor do escaso investimento en I+D+i , especialmente no sector privado.</p> <p>A1.2. O baixo número de empresas innovadoras e en sectores de media e alta</p>	<p>O1.1 Formulación da estratexia rexional de especialización intelixente (RIS3).</p> <p>O1.2 O novo período de fondos comunitarios 2014-2020 que outorga unha importancia crecente á I+D como motor de desenvolvemento rexional.</p>





<p>tecnoloxía.</p> <p>A1.3 A crise financeira que se traduce en menores oportunidades de crédito e menor dispoñibilidade orzamentaria para programas públicos de I+D+i.</p>	<p>O1.3 Apoio ás políticas de I+D+i do Plan Estratégico de Galicia (PEG).</p> <p>O1.4 O desenvolvemento científico e tecnolóxico en áreas cun elevado potencial para o liderado empresarial.</p> <p>O1.5 Liderado empresarial en sectores con percorrido para a innovación</p>
---	--





OT 2. Mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e das comunicacións e o acceso ás mesmas

Debilidades	Fortalezas
<p>D2.1 Maior lentitude na incorporación da sociedade galega á chamada Sociedade da Información.</p> <p>D2.2 Diferenza de 5 puntos en Galicia respecto da media nacional sobre equipamentos e usos TIC en fogares (con respecto á media europea a diferenza é de 10 puntos). A estrutura poboacional é un factor que condiciona esta converxencia.</p> <p>D2.3 En 2013 a diferenza na dispoñibilidade de páxina web das empresas galegas situouse nos 11,6 puntos porcentuais por debaixo da UE.</p> <p>D2.4 Baixa porcentaxe de vendas por comercio electrónico: en 2012 o 12,8% das empresas galegas de máis de 9 empregados realizaron vendas por comercio electrónico (fronte ao 14,4% das empresas españolas).</p> <p>D2.5 O gasto total en innovación tecnolóxica por parte das empresas galegas decreceu nos últimos anos, sobre todo desde a crise en 2008.</p> <p>D2.6 O emprego no sector TIC en 2013, representa o 1,7% respecto do total da poboación ocupada galega, o valor engadido bruto (VAB) do sector TIC galego alcanzou no ano 2011 o 2,0% do PIB de Galicia.</p> <p>D2.7 Alta brecha de xénero no uso de TIC, entre 3 e 7 puntos porcentuais dependendo do indicador.</p>	<p>F2.1 A penetración da telefonía móbil é moi elevada, espérase que nos próximos anos moitos dos novos servizos asociados coa economía do coñecemento xurdan nas tecnoloxías móbiles</p> <p>F2.2 A gran maioría das empresas galegas de 10 ou máis empregados dispón de computadores e Internet de banda ancha. E a súa situación non difire de España ou a UE no seu conxunto</p> <p>F2.3 O Plan de banda ancha facilitou o acceso a internet a 655 000 galegos dos 786 000 que carecían deste servizo a principios do 2010, permite unha cobertura do 95% do territorio e máis de 1,1 millóns de persoas con posibilidade de acceso ás redes de nova xeración.</p> <p>F2.4 En Galicia a porcentaxe de cobertura poboacional de banda ancha de 30 Mbps en 2012 para Galicia é do 68% por encima da media nacional (53%). En canto á cobertura poboacional de banda ancha de 100 Mbps é do 64% por encima da media nacional (47%).</p> <p>F2.5 Estratexia TIC das Administracións Públicas con Rede SARA e convenio asinado en 2008 entre o Ministerio de Administracións Públicas e a Xunta de Galicia que facilita á Administración pública galega acceder ás funcionalidades dos servizos, intercambio seguro de información, dispoñer de firma electrónica, etc.</p> <p>F2.6 En 2013 en Galicia o 61,4% dos cidadáns obtivo información de páxinas web da Administración, porcentaxe superior á media de España que se sitúa no 55,9%.</p>





Ameazas	Oportunidades
<p>A 2.1 Irrupción nos mercados mundiais de novos países emerxentes que asimilan con rapidez as novas tecnoloxías do coñecemento.</p> <p>A2.2 Perda de competitividade ante a non adaptación das empresas ás TIC nunha contorna globalizada.</p>	<p>O2.1 Axenda Dixital de Galicia.</p> <p>O2.2 Os servizos públicos a través das TIC son unha contorna tecnolóxica madura. Profundarase neste ámbito co Plan de Modernización da Administración Pública da administración autonómica, o Plan de Sistemas TIC da Xustiza Senda 2014. Outros plans de modernización tecnolóxica sectorial.</p> <p>O2.3 Implantación de Tecnoloxías da información e comunicación, que xeran novos servizos potenciais (asistencia social, mellora da competitividade, empresas tradicionais ...).</p> <p>O2.4 Uso de software de código aberto.</p> <p>O2.5 A procura de novas vías de comercialización dos produtos desde e cara ao medio rural, demanda o desenvolvemento das TIC.</p> <p>O2.6 A demanda das TIC tamén brinda a oportunidade de ofrecer unha subministración de servizos máis ampla ás poboacións dos pequenos municipios e zonas con poboación dispersa</p>





OT 3. Mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP)

Debilidades	Fortalezas
<p>D3.1 Desequilibrio territorial entre as provincias de costa e de interior e dentro de cada provincia.</p> <p>D3.2 No interior das provincias de Lugo e Ourense, a pesar dos baixos niveis de poboación, a densidade empresarial é moi reducida, derivada do escaso tecido empresarial.</p> <p>D3.3 Algo menos da metade das grandes empresas galegas teñen sede fóra de Galicia e o seu tamaño medio multiplica por cinco o das que teñen a sede en Galicia.</p> <p>D3.4 A produtividade por hora traballada é inferior en case 10 puntos á media nacional e europea.</p> <p>D3.5 Declive no número de empresas galegas por un maior número de baixas que altas nos últimos anos.</p> <p>D3.6 Baixa especialización nos sectores produtivos relacionados cos servizos de alta tecnoloxía.</p> <p>D3.7 Existencia dun gran número de empresas sen dimensión crítica para poder internacionalizarse.</p> <p>D3.8 Dificultades para aproveitar os mecanismos de transferencia tecnolóxica, infraestruturas científicas e tecnolóxicas e instrumentos de financiamento e innovación.</p>	<p>F3.1 A evolución de produtividade por ocupado nos últimos anos foi positiva cunha taxa de variación do ano 2007 ao 2011 superior para Galicia, 7,1 respecto ao 4,2 nacional.</p> <p>F3.2 Comercio exterior da rexión de Galicia con balance positivo.</p> <p>F3.3 Especialización en sectores básicos e intensivos en recursos naturais autóctonos que poden liderar procesos de desenvolvemento endóxeos (sector marítimo pesqueiro, gandería, rocas ornamentais, produtos agrícolas, madeira, enerxía eléctrica ...).</p> <p>F3.4 Alta especialización nos sectores produtivos da fabricación de vehículos de motor, téxtil e confección, reparación e instalación de maquinaria e equipamento.</p> <p>F3.5 Presenza de empresas e conglomerados industriais de certa dimensión.</p> <p>F3.6 Existencia dunha rede de clústeres que facilitan a cooperación empresarial e o desenvolvemento sectorial.</p>
Ameazas	Oportunidades
<p>A3.1 Restrición do acceso ao crédito ao sector produtivo debido á crise, especialmente ás PEMEs.</p> <p>A3.2 Debilidade da demanda interna por mor da crise económica.</p> <p>A 3.3 Especialización industrial nunha serie de actividades suxeitas a fortes procesos de deslocalización (confección e téxtil, naval,...).</p>	<p>O3.1 Deseño de novos instrumentos financeiros para PEMES que permite retomar o seu financiamento para reforzar a súa posición competitiva.</p> <p>O3.2 Demanda internacional en ascenso implica un maior crecemento potencial.</p> <p>O3.3 Utilización crecente de fórmulas asociativas inter-empresariais para acceder á internacionalización e desenvolvemento</p>





A3.4 Falta de espírito emprendedor e obstáculos burocráticos e administrativos para aqueles que o teñen.

A3.5 Perda de competitividade nalgúns sectores produtivos debido á alza dos prezos mundiais das materias primas.

de programas públicos.

O3.4 Novos mercados e produtos en alimentación (marcas de calidade, produtos ecolóxicos, produtos de calidade diferenciada, alimentos tradicionais, produtos que transmiten sustentabilidade).





OT4. Favorecer o paso a unha economía baixa de carbono en todos os sectores	
Debilidades	Fortalezas
<p>D4.1 A Comunidade Autónoma de Galicia é deficitaria en enerxía, o 18,4% da enerxía primaria provén de Galicia e o 81,6% é importado.</p> <p>D4.2 Aproveitamento das fontes de enerxías renovables instaladas moi dependente das condicións meteorolóxicas.</p> <p>D4.3 Intensidade enerxética galega 295 ktep por 1000 euros. Superior á media española e europea. O obxectivo de eficiencia enerxética na Estratexia Europa 2020 planea seguir reducindo esta cifra ata 132,57 ktep/1000 € en 2020.</p> <p>D4.4 A pesar da converxencia nos últimos anos, as emisións de gases efecto invernadoiro están en 2011 18 puntos por encima do obxectivo 2020.</p> <p>D4.5 O marco de apoio ás enerxías renovables supuxo un sobrecusto para o sistema eléctrico que incrementou o déficit tarifario.</p> <p>D4.6 Complexidade da tramitación administrativa para as instalacións de xeración eléctrica</p>	<p>F4.1 As enerxías renovables seguen mantendo un papel fundamental no escenario enerxético galego (52,9% da xeración eléctrica, 32% sen considerar a grande hidráulica), con especial incidencia a enerxía eólica (27%).</p> <p>F4.2 Evolución positiva e alto potencial en instalacións de produción de enerxía eólica e en potencia instalada nos últimos anos. O número de instalacións de produción de enerxía eólica pasou desde 80 en 2004 a 145 en 2011.</p> <p>F4.3 De 2001 a 2011 diminuíu a porcentaxe de consumo de enerxía primaria por carbón (27,6% ao 16%) e petróleo (57,9% ao 49,5%) e aumentou o de renovables (12,1% ao 18,6%).</p> <p>F4.4 Os valores para Galicia do consumo eléctrico procedente de enerxías renovables superan amplamente as medias nacionais. Segundo os últimos datos dispoñibles, de 2011, supoñen o 34,5% e 70,3% para España e Galicia respectivamente.</p>
Ameazas	Oportunidades
<p>A 4.1 Cambio Climático, influencia nas condicións climáticas fundamentais, precipitacións e vento, para o aproveitamento das instalacións enerxéticas renovables.</p> <p>A4.2 A redución da demanda eléctrica provocada pola crise pode afectar ao desenvolvemento das renovables na nosa comunidade.</p> <p>A4.3 Incentivos insuficientes para rendibilizar a diversificación tecnolóxica das enerxías renovables.</p>	<p>O4.1 Aposta polas enerxías renovables, fundamentalmente hidráulica e eólica.</p> <p>O4.2 Elevado potencial de produción de fontes de enerxía renovables.</p> <p>O4.3 Desenvolvemento de enerxías renovables como resposta á crise enerxética: cultivos agroenerxéticos e produción de biomasa, un dos novos retos da PAC.</p> <p>O4.4 Demandas sociais máis respectuosas co medio ambiente.</p> <p>O4.5 As perdas dos sistemas de abastecemento que actualmente superan o</p>





	<p>20%, sendo precisa a súa diminución.</p> <p>O4.5 Plan de Aforro e Eficiencia na Administración Pública de Galicia 2011-2013 / Plan Nacional de Adaptación ao cambio climático / Plan de Enerxías Renovables 2011-2020 / Plan de Acción para o Aforro e Eficiencia Enerxética do IDEA 2011-2020</p> <p>O4.6 Xeración de emprego verde e na industria do metal derivado da construción de maquinaria do sector das enerxías renovables.</p>
--	--





OT5. Adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos

Debilidades	Fortalezas
<p>D5.1 Enerxías renovables dependentes das precipitacións e o vento (a enerxía eólica representa o 27%).</p> <p>D5.2 As empresas de Galicia superaron as emisións de toneladas de CO₂ declaradas fronte ás a priori asignadas.</p> <p>D5.3 Vulnerabilidade aos incendios forestais.</p> <p>D5.4 Procesos de desertización e erosión, especialmente como consecuencia dos incendios forestais e a erosión hídrica.</p>	<p>F5.1 As emisións de GEI por parte das industrias do sector enerxético reducíronse nun 35,6% no período 1990-2011.</p> <p>F5.2 Factor de emisións (toneladas de CO₂/ MWh) diminúe cada ano polo incremento da xeración a través de enerxías renovables.</p> <p>F5.3 Mellor situación de Galicia fronte ao obxectivo da Estratexia Europa 2020: redución das emisións de gases de efecto invernadoiro en relación ao ano de referencia 1990=100 ata 80. O valor galego no ano 2011 é de 98,1 fronte a 126,43 do conxunto español.</p> <p>F5.4 Demanda social e conciencia cidadá crecentes en relación coa necesidade de conservar e protexer os recursos naturais.</p> <p>F5.5 Alta experiencia na xestión dos riscos naturais.</p>
Ameazas	Oportunidades
<p>A5.1 Incremento dos riscos derivados dos efectos do cambio climático.</p> <p>A5.2 Previsión de incremento de incendios forestais e pragas forestais.</p> <p>A5.3 Previsión nas concas Atlánticas de diminución de frecuencia de avenidas, pero non da súa magnitude.</p> <p>A5.4 Espéranse maiores perdas de masa orgánica do chan en prados e bosques.</p> <p>A5.5. Previsible efecto do cambio climático no incremento de pragas, enfermidades e parasitos vexetais e animais..</p> <p>A5.6 Acuicultura mariña: exceso de auga doce e mortalidade en bancos marisqueiros.</p>	<p>O5.1 Xeración e fomento de enerxías renovables e emprego verde.</p> <p>O5.2 Plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA).</p> <p>O5.3 Plans de emerxencia especiais (inundacións, incendios, mercadorías perigosas,...), específicos (temporais, seca,...) e de emerxencia interior.</p> <p>O5.4 Mellorar o coñecemento existente sobre previsións de cambio climático.</p> <p>O5.5 Sector novo con tecnoloxías que permiten o desenvolvemento de novos produtos e servizos resilientes ao clima que fomentan a I+D+i.</p>





OT6. Protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos

Debilidades	Fortalezas
<p>D6.1 Menor porcentaxe que a media estatal en superficie terrestre pertencente á Rede Natura 2000.</p> <p>D6.2 Crecente proceso de urbanización en zonas costeiras e urbanas.</p> <p>D6.3 O dinamismo urbano das últimas décadas produciu en Galicia unha ruptura da morfoloxía e imaxe tradicional de moitas das cidades.</p> <p>D6.4 Elevada porcentaxe de superficie erosionable (causas hídricas maioritariamente)</p> <p>D6.5 Incremento excesivo da auga que se perde na rede de abastecemento público.</p> <p>D6.6 Ausencia de estacións depuradoras en varios municipios galegos (aínda que porcentaxe maior ao do conxunto nacional).</p> <p>D6.7 Tratamento de augas residuais en menor medida que o conxunto nacional.</p> <p>D6.8 Nivel de saturación alto nas plantas de tratamento de residuos.</p> <p>D6.9 Novos custos asociados á implantación/adaptación de novos sistemas de recollida separada e tratamento.</p>	<p>F6.1 Importancia do patrimonio natural e cultural galego como factor importante de benestar, impulso socioeconómico e articulación territorial.</p> <p>F6.2 Galicia configúrase como unha das rexións de maior riqueza natural de España. O 29% do territorio está clasificado como Zona de Alto Valor Natural.</p> <p>F6.3 Estruturación da Rede Galega de Espazos Protexidos clara e delimitada con zonas de gran valor ambiental e patrimonial.</p> <p>F6.4 Zonas de gran valor paisaxístico en zonas costeiras, de interior e urbanas.</p> <p>F6.5 Valor patrimonial (cultural) do chamado Camiño de Santiago con valor internacional (UNESCO).</p> <p>F6.6 Importantes recursos mineiros con gran valor socioeconómico.</p> <p>F6.7 Solos galegos maioritariamente ricos en materia orgánica.</p> <p>F6.8 Non existe risco de desertización do solo a diferenza doutras zonas de España.</p> <p>F6.9 Elevado réxime pluviométrico que xera abundancia de recursos hídricos.</p> <p>F6.10 Menor consumo de auga durante os últimos anos. O consumo medio de auga para uso doméstico en Galicia en 2011 foi de 133 litros/habitante/día, inferior aos 142 litros/habitante/día do conxunto nacional e en calquera caso en descenso durante os últimos anos.</p> <p>F6.11 Boa calidade media das augas superficiais e subterráneas.</p> <p>F6.12 Redución progresiva de residuos urbanos nos últimos anos debido ao descenso da produción e do consumo.</p> <p>F6.13 Presenza de importante masa</p>





	<p>forestal.</p> <p>F6.14 O amplo coñecemento hidrolóxico, existente a nivel de conca, froito dunha longa experiencia en xestionar os recursos hídricos a esa escala, plasmado nos Plans hidrolóxicos de conca, que teñen un nivel técnico e de información hidrolóxica moi elevado.</p>
Ameazas	Oportunidades
<p>A6.1 Risco alto de presión humana, cambios uso-degradación-fragmentación de hábitats.</p> <p>A6.2 Elevada cabana gandeira e uso de fertilizantes con risco de eutrofización .</p>	<p>O6.1 Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020. Plan Director Rede Natura 2000.</p> <p>O6.2 Plan de saneamento de Galicia 2000-2015. Plan Auga 2010-2025. Plan Hidrológico Galicia-Costa. Plan de Seca.</p> <p>O6.3 Directrices de ordenación do territorio (DOT). Plan de ordenación do litoral (POL).</p> <p>O6.4 Fortalecemento da industria da reciclaxe.</p> <p>O6.5 Desenvolvemento de iniciativas turísticas e accións de promoción turística en zonas rurais e de interior, en particular as relacionadas coas Vías Verdes.</p>





OT 7. Promover o transporte sustentable e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais

Debilidades	Fortalezas
<p>D7.1 O sector do transporte é moi dependente do petróleo e as importacións.</p> <p>D7.2 Desequilibrio na distribución das redes de transporte debido aos custos de construción e ao non aproveitamento de economías de escala de rexións máis centralizadas.</p> <p>D7.3 O 30% das estradas de titularidade autonómica atravesan núcleos urbanos coa problemática de retención de tráfico e seguridade viaria.</p> <p>D7.4 Rede de Estradas en Galicia desigual en canto ao seu desenvolvemento provincial.</p> <p>D7.5 Excesivo número de pasos a nivel e trazado ferroviario composto na súa maior parte de vía única, sendo minoritarios os tramos de dobre vía.</p> <p>D7.6 Galicia conta cunha baixa porcentaxe de lonxitude de rede ferroviaria electrificada (35,9%)</p> <p>D7.7 Baixa participación do transporte intermodal.</p> <p>D7.8 Ligazóns pendentes de completar. Baixa accesibilidade a portos e outros nodos de transporte e actividade económica.</p> <p>D7.9 En Galicia o número de accidentes de tráfico con vítimas que teñen lugar na estrada é significativamente superior á media nacional, en 2011 , 83% en Galicia fronte ao 43% nacional.</p> <p>D7.10 Desequilibrio entre as distintas provincias respecto á porcentaxe de accidentes de tráfico (48% Pontevedra, o 30% A Coruña, o 13% a Lugo e o 9% a Ourense).</p>	<p>F7.1 Galicia atópase nun período crave de transformación debido ás autovías construídas que facilitan as conexións exteriores e vertebración interior, as liñas ferroviarias de AVE, ampliacións portuarias e a execución de plans directores dos aeroportos.</p> <p>F7.2 Taxa de crecemento das estradas no período 2000-2010 foi superior en Galicia (0,21) que a media española (0,14).</p> <p>F7.3 Sistema portuario galego e transporte marítimo.</p> <p>F7.4 Galicia, pola súa localización xeográfica, forma parte das redes transeuropeas, fundamentalmente na "autoestrada do mar" de Europa occidental.</p> <p>F7.5 Medidas de cambio modal cara a fórmulas de transporte máis eficientes.</p> <p>F7.6 Balance positivo do transporte de mercadorías.</p>
Ameazas	Oportunidades
<p>A7.1 Baixa dispoñibilidade de recursos</p>	<p>O7.1 Integración nos grandes proxectos</p>





<p>financeiros e redución de recursos públicos que podería afectar a proxectos en marcha.</p> <p>A7.2 Situación xeográfica periférica que prexudica a implantación de centros loxísticos e de transporte.</p>	<p> europeos no marco da rede transeuropea de transportes RTE-T.</p> <p>O7.2 Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (MOVE) para o período 2010-2015 Xunta de Galicia.</p> <p>O7.3 Liña de AVE Coruña-Santiago-Ourense e próxima finalización da conexión con Vigo e con Madrid..</p> <p>O7.4 Na escena internacional: a liña do corredor Atlántico desde Vigo a Ferrol, conectaría o sur á rede portuguesa con Porto e Lisboa.</p> <p>O7.5 Sistema aeroportuario próximo aos principais núcleos de poboación (A Coruña, Santiago e Vigo) que facilita a accesibilidade, a especialización e a internacionalización.</p> <p>O7.6 Próxima finalización dos portos exteriores de Langosteira (A Coruña) e de Cabo Prioriño (Ferrol) que impulsarán o transporte terrestre e o tráfico internacional.</p> <p>O7.8 Plataformas loxísticas de Salvaterra, en torno ao Porto de Vigo e plataforma intermodal do Porto seco de Monforte de Lemos..</p>
---	--





OT8. Promover o emprego e favorecer a mobilidade laboral

Debilidades	Fortalezas
<p>D8.1 Taxa de paro e de desemprego de longa duración superiores á media europea.</p> <p>D8.2 Elevadas taxas de desemprego xuvenil 45,5% en 2012, sen diferenzas apreciábeis a nivel de xénero (homes, 45,8%; mulleres, 45,1%).</p> <p>D8.3 Taxa de actividade inferior á media europea e española.</p> <p>D8.4 Porcentaxes inferiores de poboación activa nas provincias do interior.</p> <p>D8.5 Taxa de actividade inferior en mulleres que en homes (10 puntos porcentuais máis baixa no caso das mulleres).</p> <p>D8.6 Desequilibrio territorial entre as provincias de litoral e de interior respecto dos niveis de actividade e desemprego.</p> <p>D8.7 Dificultades adicionais de acceso ao emprego en zonas rurais de baixa densidade de poboación.</p> <p>D8.8 Continuación da tendencia de diminución de taxa de emprego.</p> <p>D8.9 Efecto crise que expulsou do mercado laboral máis homes (desde 2007 127.600 H) sobre todo dos sectores da construción e a industria que mulleres (desde 2007 26.300 M), sobre todo do sector servizos e a industria.</p> <p>D8.10 O salario medio anual feminino alcanza só o 78,2% do masculino.</p> <p>D8.11 O salario medio bruto anual dos menores de 25 anos alcanza o 63,6% da media galega (51,7% no caso das mozas galegas menores de 25 e 77,7% de 25 a 34 anos).</p> <p>D8.12 O grupo de nivel educativo baixo (analfabeto, primaria e primeira etapa de</p>	<p>F8.1 Galicia presenta valores de autoemprego superiores á media nacional (21,7% fronte ao 16,8% nacional).</p> <p>F8.2 Alto nivel de formación da poboación activa.</p> <p>F8.3 Ocupados por sectores por sexo atópanse distribuídos de forma igualitaria nas actividades de agricultura, gandería, caza e silvicultura do sector primario.</p> <p>F8.4 Taxa de paro e de desemprego de longa duración inferior á media nacional.</p> <p>F8.5 A brecha de xénero en taxa de desemprego no rango de idades 20-64 en 2012 é de -0,4 en Galicia. A taxa de desemprego de longa duración é inferior á española e europea en mulleres.</p> <p>F8.6 Para o grupo de estudos superiores, o salario bruto é do 134,2% á media, en homes do 153,0% e en mulleres 119,1%.</p> <p>F8.7 Marco regulador das relacións laborais modernizado.</p>





<p>secundaria) conta con salarios brutos do 79,6% da media galega (63,4% ao considerar ás mulleres con niveis de educación baixos).</p> <p>D8.13 Escasa empregabilidade dos mozos, especialmente das mulleres con menor nivel de formación.</p> <p>D8.14 Alta temporalidade, cun 67,9% de mozos (16 a 24 anos) que traballan de forma temporal involuntariamente en 2013.</p> <p>D8.15 Difícil acceso ao mercado laboral dos grupos en risco de exclusión social (mulleres inmigrantes, vítimas de violencia, con discapacidade, etc.).</p> <p>D8.16 Predominio de especialización produtiva en actividades de baixo valor engadido e intensidade tecnolóxica (persistencia da fenda dixital de xénero).</p> <p>D8.17 Reducido tamaño de maioría de empresas empregadoras: escasa capacidade formadora; escasa capacidade innovadora e de incorporación de tecnoloxía.</p>	
Ameazas	Oportunidades
<p>A8.1 Envellecemento da poboación activa.</p> <p>A8.2 Competencia de países emerxentes na oferta de man de obra.</p> <p>A8.3 Deslocalización da industria manufactureira non baseada en recursos endóxeos.</p> <p>A8.4 Inestabilidade do emprego.</p> <p>A8.5 Desenganche dos parados de longa duración do mercado de traballo.</p> <p>A8.6 Falta de conciliación da vida laboral coa vida persoal.</p>	<p>O8.1 Iniciativa Emprego Xuvenil.</p> <p>O8.2 Plan para a Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016 – Horizonte 2020.</p> <p>O8.3 Plan de Integral de Turismo de Galicia.</p> <p>O8.4 Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 de Galicia.</p> <p>O8.5 Estratexia de Emprendimento e Emprego Novo 2013-2016.</p> <p>O8.6 Iniciativa Emblemática Mocidade en Acción e Iniciativa de Oportunidades para a Mocidade.</p> <p>O8.7 Marco de cooperación europea no ámbito da mocidade 2010-2018.</p> <p>O8.8 Desenvolvemento de postos de traballo en novos sectores.</p>





	<p>O8.9 Creación de emprego desde baixos niveis de crecemento (recuperación rica en emprego).</p> <p>O8.10 Novos incentivos á contratación indefinida: contrato de apoio aos emprendedores; tarifa plana de 100 euros para a contratación; custos laborais reducidos para novas contratacións.</p> <p>O8.11 Efecto activador das políticas de emprego.</p> <p>O8.12 Desenvolvemento de postos de traballo en novos sectores e áreas: novos xacementos de emprego, emprego verde, sectores tecnolóxicos, sector turístico; economía baixa en carbono, economía mariña e marítima e economía azul.</p>
--	--



OT 9. Promoción da Inclusión Social e Redución da pobreza

Debilidades	Fortalezas
<p>D9.1. Os niveis de pobreza xuvenil e dos fogares monoparentais con fillos a cargo agraváronse especialmente.</p> <p>D9.2 Elevada taxa de risco de pobreza na poboación estranxeira residente en Galicia.</p> <p>D9.2 A poboación en risco de pobreza sitúase principalmente en áreas próximas ás grandes cidades das provincias de Ourense e Pontevedra.</p> <p>D9.3 A renda media por unidade de consumo en Galicia é inferior á media nacional.</p> <p>D9.4 Descenso medio anual do 1,2% no ingreso medio por fogares desde 2009 a 2012.</p> <p>D9.5 O ingreso medio por unidade de consumo é inferior ao de España, aínda que se recortaron as diferenzas, pasando do 88,2 da media estatal en 2004 a un 97,2% en 2012.</p> <p>D9.6 Progresivo envellecemento da poboación.</p> <p>D9.7 Necesidades crecentes para a protección social, para a loita contra a pobreza e a promoción da inclusión.</p> <p>D9.8 Desaxustes entre as políticas educativas e as necesidades do mercado de traballo, especialmente máis evidentes na formación profesional de primeiro e segundo grao.</p> <p>D9.9 Altas taxas de fracaso escolar sen alternativas para as persoas non cualificadas.</p> <p>D9.10 Necesidades de mellorar a eficacia e a eficiencia das políticas activas de emprego e risco de que os grupos máis vulnerables queden excluídos.</p>	<p>F9.1 A poboación en risco de exclusión social reduciuse no conxunto do territorio galego.</p> <p>F9.2 Taxa de risco de pobreza (respecto de limiar de pobreza) inferior en Galicia 16,5% que en España 21,6% en 2012.</p> <p>F9.3 Menor risco de pobreza no grupo de maiores de 65 anos.</p> <p>F9.4 Valores do Índice de Gini inferiores en Galicia (en 2011 os valores foron: 0,28 Galicia, 0,35 España e 0,31 UE27).</p> <p>F9.5 Prioridade ao gasto social.</p> <p>F9.6 Cambios nas políticas educativas incluíndo o sistema de formación dual, orientado a dar maiores posibilidades de emprego aos grupos menos cualificados e excluídos do mercado de traballo.</p>





Ameazas	Oportunidades
<p>A 9.1 Reto da integración social e económica dos fluxos migratorios.</p> <p>A 9.2 Aumento da taxa de carencia severa da poboación por mor da crise económica e o fin do cobro das prestacións sociais.</p> <p>A9.3 Crecemento das desigualdades.</p> <p>A9.4 Concentración espacial da pobreza, especialmente en zonas urbanas desfavorecidas e en zonas rurais.</p>	<p>O9.1 Desenvolvemento de sectores relacionados coa atención a persoas en situación de dependencia.</p> <p>O9.2 Creación da <i>European Platform against poverty and Social Exclusion</i>.</p> <p>O9.3 Existencia de plans para afrontar a temática: Plans de Inclusión Social.</p> <p>O9.4 Estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, Horizonte 2020.</p> <p>O9.5 Lei de inclusión social de Galicia.</p> <p>O9.6 Emerxencia de novas iniciativas relacionadas coa economía social e de empresas sociais innovadoras.</p> <p>O9.7 Rexeneración de contornas urbanas e rurais física e socialmente degradados.</p> <p>O9.8 Crecemento das oportunidades para as iniciativas de emprendimento e autoemprego</p>





OT 10. Investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación

Debilidades	Fortalezas
<p>D10.1 Galicia presenta un 23,1% de abandono escolar cando o obxectivo da Axenda de Lisboa sitúase no 10%.</p> <p>D10.2 Taxa de abandono educativo temperán superior nos homes. En Galicia 27,1% para os homes fronte ao 18,8% nas mulleres.</p> <p>D10.3 Taxa de actividade da poboación segundo o nivel de formación alcanzado desfavorable á muller sobre todo en niveis educativos básicos.</p> <p>D10.4 Os niveis máis baixos de actividade atópanse na poboación con nivel formativo de educación primaria ou inferior.</p> <p>D10.5 A taxa de actividade da poboación entre 25 e 64 anos con estudos finalizados a nivel primario ou inferior é do 58,0% e do 46,2% en España e Galicia respectivamente.</p> <p>D10.6 A taxa de actividade é inferior para as mulleres nos grupos de idade 25-64 e 25-34.</p> <p>D10.7 Taxa de emprego menor das mulleres e tamén segundo o nivel de formación alcanzado sendo desfavorable á muller en todos os niveis educativos.</p> <p>D10.8 En Galicia o valor medio da taxa de emprego, para persoas que dispoñen do nivel de educación de primaria ou inferior, é moi similar ao nacional 33,7% e tamén é superior en homes 38,0% que en mulleres 30,4%.</p> <p>D10.9 A porcentaxe de homes entre 30 e 34 anos con estudos superiores diminuíu.</p> <p>D10.10 Na última década a taxa de idoneidade diminuíu tanto para homes como para mulleres nos rangos de idade de estudo de 8 a 15 anos.</p>	<p>F10.1 Os niveis de abandono educativo temperán, a nivel total e diferenciando para homes e mulleres, son menores en Galicia que para o conxunto español, e ademais, na última década diminuíron en Galicia.</p> <p>F10.2 A porcentaxe de persoas de entre 30 e 34 anos que completaron os estudos superiores alcanzou en 2012 o 40,1% en España e o 42,4% en Galicia, presentando unha posición moi por enriba da media da UE27 do 35,8% e superando o obxectivo da estratexia Europa 2020.</p> <p>F10.3 Porcentaxes moi superiores de mulleres con estudos de educación terciaria ou equivalente completados en Galicia. Do 49,1% para mulleres fronte ao 35,8% para homes.</p> <p>F10.4 A porcentaxe de mulleres entre 30 e 34 anos con estudos superiores aumentou.</p> <p>F10.5 Taxa de paro correlaciona negativamente co nivel educativo alcanzado.</p> <p>F10.6 Subsistema de Formación Profesional para o Emprego, implantado en 2007.</p> <p>F10.7 En Galicia, a diferenza da media nacional, hai unha maior porcentaxe de mulleres en programas de formación profesional (56,7% mulleres respecto dun 43,3% de homes).</p> <p>F10.8 Equilibrio na participación por sexo en accións de formación permanente. No ano 2011 o 10,2% de galegos participara en accións de formación permanente (9,3% en homes e 11,1% en mulleres).</p> <p>F10.9 Galicia presenta mellores medias que España e, que a media europea, nas tres áreas de avaliación do estudo PISA de rendemento académico cuns valores de</p>





<p>D10.11 Baixa taxa de poboación que se gradúa na formación profesional de grao medio e superior, en torno ao 21,0% e 25,6%, respectivamente.</p> <p>D10.12 Galicia e España non dispoñen de avaliacións externas estandarizadas. 24 dos 34 países da OCDE si as posúen.</p>	<p>499 en lectura, 489 en matemáticas e 512 en ciencias.</p> <p>F10.10 Aumento na taxa de idoneidade no rango de idade dos 14 e 15 anos nos homes de Galicia.</p> <p>F10.11 Sesgo de feminización en case todos os niveis educativos respecto da taxa de graduación.</p> <p>F10.12 Formación profesional dual de ciclos formativos de grao medio de carrozaría e de cociña e gastronomía, e ciclos formativos de grao superior de sistemas de telecomunicacións e informática, de química industrial e de servizos en restauración, en colaboración con empresas e entidades.</p>
<p>Ameazas</p>	<p>Oportunidades</p>
<p>A10.1 A desmotivación provocada polo alto nivel de desemprego de longa duración pode incrementar o número de mozos que nin traballan nin estudan.</p>	<p>O10.1 Intervención dos fondos do MEC podería contribuír a aumentar a oferta de educación secundaria e, en particular, de oportunidades de formación profesional.</p> <p>O10.2 Formación profesional dual de ciclos formativos de grao medio e superior en centros educativos de Galicia, en colaboración con empresas e entidades.</p> <p>O10.3 A maior flexibilidade e anticipación da elección das traxectorias educativas e os novos ciclos de formación profesional básica poden reducir a taxa de abandono temperán da educación e a formación.</p> <p>O10.4 A colaboración entre as Administracións educativas e laborais pode redundar na creación de máis e mellores postos de traballo.</p>

